

As propiedades textuais I: a coherencia

Un **texto** (do latín *textus*, "tecido") é unha unidade lingüística con sentido completo que cumpre unha función comunicativa determinada (informar, persuadir, prognosticar...). Estruturalmente un texto organízase en unidades xerarquizadas:

- oracións: son conxuntos de palabras cunha unidade de sentido (péchanse cun punto e seguido na escrita).
- parágrafos: agrupacións de oracións dotadas dun sentido unitario (rematan en punto e á parte).

Para que un conxunto de enunciados poida ser recoñecido como un texto debe cumprir unha serie de esixencias. Le con atención os seguintes fragmentos e indica de xeito argumentado se che parecen ou non textos:

[Contexto: O profesor de francés pídelles ao seu alumnado que escriba un autorretrato en 10 liñas.]

Chámome Sandra e estou un pouco triste por ter que volver á escola pero tamén contenta porque me gusta a escola, sobre todo o Francés e a Historia, cando aprendemos como os seres humanos construíron o mundo onde vivimos hoxe. Terei aínda unha morea de cousas que dicir pero vostede vaime recoller asíña a folla porque quixen facelo demasiado ben e comecei a escribir hai dous minutos, perdóme polas falta.

Chámome Hinda, teño catorce anos e son feliz de vivir. Máis tarde gustárame ser mestra. Gustárame estar en maternal, así teño menos traballo, unha folla e un feltro e xa están ocupados toda a xornada. Non, estou de broma, é só que me encantan os rapaces e tamén os libros de amor.

François Bégadeau: *A clase*

As esixencias que debe cumprir un conxunto de enunciados para constituír un texto denomínanse **propiedades textuais** e son, basicamente, tres: **a coherencia, a cohesión e a adecuación.**

A coherencia

A coherencia é a propiedade que se refire á **selección e organización da información**. Cando producimos un texto debemos facernos entender dicindo o que queremos dicir. Para iso, o noso texto debe "ter sentido", isto é, ten que ser coherente. A información que queiramos transmitir ten que cumprir, polo tanto, unha serie de requisitos:

- **Estar relacionada**, é dicir, ten que tratar do mesmo **tema**. Por iso ao longo do texto teremos repeticións dos seus elementos.
- Ser **completa e suficiente**: non poden quedar lagoas.
- Pero **non ser redundante**: non debemos repetir o xa exposto nin "meter palla", ou sexa, datos innecesarios.
- Non pode ser **contraditoria**: non podemos afirmar algo e expresar o contrario no parágrafo seguinte.
- Debe estar **organizada de xeito lóxico**, agrupando as diferentes ideas en parágrafos. A medida que avance o texto iremos introducindo progresivamente ideas novas (**rema**) sobre o tema tratado.
- Debe ser **clara** e estar exposta de xeito **comprensible** e sen rodeos.

Non todos os textos teñen o mesmo tipo de organización, é dicir, de **estrutura**, que depende das situacións comunicativas. Nalgúns casos, a estrutura xa vén determinada polo tipo de texto (por exemplo, nas cartas ou nas instancias). En xeral, podemos dividir un texto en tres partes: presentación do tema, desenvolvemento e conclusión. Daquela, se responde a esta estrutura será aconsellable que conste de tres parágrafos, como mínimo.

Para conseguir unha expresión clara e inmediata, debemos corrixir as **impropiedades e imprecisións léxicas**.

A impropiedade léxica consiste no emprego erróneo dunha palabra porque se lle atribúe un significado que non é o seu propio. Débese, fundamentalmente, a dúas causas: os termos confúndense porque posúen significados similares ou porque se parecen fonicamente.

a sexualidade feminina obviábase porque o paradigma feminino era o da Virxe María, nai –obxectivo esencial na vida dunha muller– sen pasar pola sexualidade... As mulleres eran, polo tanto, coma os anxos: non tiñan sexo.

7. Coloca os signos de puntuación que faltan. Non esquezas realizar os axustes necesarios nas maiúsculas:

O ultimato dos serbios dicía algo así se as vosas armas son os lapis e as cámaras, as nosas serano as balas e os canóns dito isto comezou a conta atrás as advertencias non cesaban se denunciades as actuacións do exército serbio, utilizaremos as armas contra todos vós, declarou un xeneral das forzas armadas iugoslavas a Antena 3 TV fomos obxecto de bombardeos durante toda a noite pola mañá, mentres Ramiro Villapadierna intentaba gañar o búnker estoupou unha granada na cafetería e os cristais craváronse en todo o corpo tivémolo que sacar nunha cadeira, do mal que estaba a embaixada española enviou un convoi para nos sacar de alí e escoltarnos ata Zagreb, onde nos esperaba un Hércules que se dirixía a España decidimos quedar un día máis e cada un tirou para onde puido

Delmi Álvarez: *Reporteiro de guerra en Iugoslavia*

8. Imaxina que tes que facer unha redacción sobre o dereito á alimentación. Dos datos que che damos, selecciona aqueles que estarían directamente relacionados con este tema.

1. O dereito á alimentación está incluído na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
2. O Día Mundial da Alimentación celebrouse este ano en Roma cun concerto solidario.
3. As mulleres son as primeiras loitadoras contra a fame: garanten o alimento das familias e o desenvolvemento dos fillos/as dende que nacen ata a idade adulta.
4. No mundo hai 854 millóns de persoas que pasan fame, a pesar de que se producen alimentos suficientes para toda a poboación mundial.
5. Os prezos do trigo e o leite subiron debido ás consecuencias meteorolóxicas do cambio climático, ao avance dos biocombustibles e ás demandas de novos mercados.
6. A FAO propón ensinarlles nutrición aos escolares para reducir as consecuencias das enfermidades relacionadas coa alimentación.
7. A FAO é un organismo internacional que traballa para que se fagan políticas que garantan o dereito á alimentación.
8. Cada día morren 40 000 nenos e nenas pola mala nutrición e as enfermidades relacionadas.
9. As técnicas nucleares aplicadas á agricultura están permitindo obter mellores colleitas.
10. O consumo mundial de auga medrou no último século dúas veces máis cá poboación.

9. Le con atención o seguinte texto, consulta as dúbidas semánticas e logo responde as preguntas:

Parece que todos nos estamos convertendo pouco a pouco no *Homo videns*: a televisión, unha vez máis ten a culpa. Isto é o que vén a dicir o profesor Sartori da Universidade de Florencia (...) Sartori fala da sociedade teledirixida (...) Hoxe o poder está en ser o rei do mando. (...) Aí reside o verdadeiro poder doméstico, no control familiar da programación; o mesmo que, a grande escala, o poder reside en posuír televisións ou en controlalas.

A influencia pavorosa da televisión descansa nun feito innegable. A súa omnipresenza. Resulta moi difícil safarse dela. Pero hai algo máis: a pesar das críticas que suscita e das polémicas que levanta, a tele provoca certa adición (xa hai centros para desintoxicación de internautas empedernidos: imaxino que debería existir algo similar para os televidentes enganchados). Para colmo de males, a mensaxe da televisión é extraordinariamente simple e cómoda: a imaxe vese, sen máis, case sen querer. Non é necesario un acto volitivo especial, como pode ser coller un libro do estante e lelo. A televisión teno todo ó seu favor porque logrou coarse como o electrodoméstico imprescindible do fogar, moi por encima da lavadora ou do lavalouza. Como di Sartori, o libro converteuse en algo demasiado elitista e minoritario, cando non sospeitoso de intelectualidade, mentres a tele, cunha mensaxe frecuentemente simplificadora, edulcorada e coloreada, entra sen máis nas nosas vidas con pasmosa facilidade.

A televisión é para a cultura o que a hamburguesa para a gastronomía: unha comida rápida, pero universalmente estendida.

José Miguélez Giráldez

a) Observa os segmentos subliñados. Pensas que se corresponden co esencial do texto ou sobra ou falta algo?

b) Completa o esquema coas ideas principais e secundarias do texto anterior:

1. A sociedade actual está controlada e dirixida pola televisión.
 - 1.1 Quen controla a televisión posúe o poder tanto a nivel familiar como social.
2. O seu poder débese a que chega a todas partes e ofrece unha mensaxe sinxela e cómoda.
 - 2.1
 - 2.2 Converteuse nun electrodoméstico imprescindible.
 - 2.3
3. Culturalmente é un produto de escasa calidade, pero chega a todo o mundo.

c) Aquí temos tres propostas de resumo dese texto. Primeiro debes introducir todos os signos de puntuación que faltan na primeira delas. Logo, selecciona a que consideres máis adecuada, xustificando a túa resposta. Tamén deberás indicar que é o que falla nos outros resumos.

Non esquezas que un resumo debe ser:

- breve pero completo: elimina exemplos e adxectivacións.
- obxectivo: non inclúas a túa opinión.
- orixinal: non copies as palabras do texto, usa as túas; podes alterar a orde de exposición das ideas.

Proposta A

A sociedade actual está cada vez máis teledirixida e todos nos estamos convertendo pouco a pouco en Homo videns hoxe en día para ter poder hai que controlar a televisión tanto a nivel familiar como a grande escala.

A súa influencia débese a un feito innegable a súa omnipresenza pero ademais disto provoca adicción e deberían existir centros para a desintoxicación como xa os hai para os internautas a mensaxe da televisión é extraordinariamente simple e cómoda vémosla mesmo aínda sen querer non é coma cun libro converteuse nun electrodoméstico imprescindible no fogar por encima da lavadora ou do lavalouza o libro en cambio converteuse en elitista e minoritario mentres que a tele entra nas nosas vidas con facilidade.

A televisión é para o cultura o mesmo que a hamburguesa para a gastronomía unha comida rápida pero estendida por todas partes.

Proposta B

A sociedade actual está dirixida pola televisión, quen a controla posúe o poder. As razóns do seu éxito son dúas: está en todas partes e a súa mensaxe é sinxela e chéganos comodamente. De feito, converteuse en electrodoméstico imprescindible dado que o seu uso non require ningún esforzo, ao contrario do que sucede cos libros, reducidos por iso mesmo ao ámbito do minoritario. A súa calidade cultural é escasa, pero é un produto de consumo universal.

Proposta C

A sociedade actual está dirixida pola televisión ata o punto de que o poder está nas mans dos que a controlan, tanto a nivel familiar como xeral. A súa influencia débese a que está en todas partes, aínda que reciba críticas e provoque adicción. Ademais disto, o seu éxito ten que ver con que a súa mensaxe se nos transmite de xeito sinxelo e cómodo, sen que requira un esforzo pola nosa parte. Isto é o que a diferencia dos libros, considerados cada vez máis elitistas e minoritarios; fronte a eles, a tele penetra doadamente nas nosas vidas, aínda que a súa mensaxe non sexa moi fiel á realidade. Non obstante, culturalmente a tele é coma unha comida rápida: un produto de escasa calidade pero que chega a todo o mundo.

d) Imos co tema do texto. (Recorda que se trata da súa idea central, non de feitos; se procuras non empregar verbos conxugados na súa expresión senón a estrutura substantivo abstracto + complementos terás máis garantías de éxito. Por ex. *Unha pateira chegou ás costas canarias* debes reconvertelo en algo como *Chegada dunha pateira ás costas canarias.*) **Numera do 1 ao 5 as seguintes propostas segundo o seu grao de adecuación ao texto. Se entre elas non atopas ningunha totalmente adecuada, escribe ti outra.**

- A TV controla a sociedade actual porque chega a todas partes e é sinxela.
- A TV na sociedade actual
- O poder da TV na sociedade actual
- A omnipresenza e inmediatez da TV
- O poder da TV, malia a súa escasa calidade cultural.

10. Escribe en cada oco a palabra adecuada das seguintes parellas: *anxinas/amígdalas, inverosímil/indiferente, talo/tallo, inalterable/inalterado, ratificar/rectificar, proscribere/prescribe, esmola/esmorga, sono/soño, patente/latente, escaseza/ausencia, autónomo/autóctono e herexía/elexía.*

1. Está na cama con _____ .
2. Dáme igual o que decida, éme _____ .
3. Á planta quedáronlle marcas das medras no _____ .
4. No minuto corenta o marcador continuaba _____ co 0-0 inicial.
5. Admite que se equivocou e está moi arrepentido das súas palabras, así que vainas _____ publicamente.
6. A lei _____ a venda de alcohol a menores.
7. Andou toda a noite de _____ e ao día seguinte quedou durmido.
8. Dar a volta ao mundo é o meu _____ .
9. O seu desgusto quedou _____ , non o agochou en absoluto.
10. Os pacientes estaban contentos, a pesar da _____ de medios do hospital.
11. Aprendestes e xa podeades traballar de xeito _____ , non precisades de min.
12. Compuxo unha _____ pola morte da súa nai.

11. Propón unha alternativa máis precisa para estes circunloquios:

- facer entrega:
- ser obxecto de ameazas:
- facer público:
- dar un repaso:
- ser da opinión de:
- manter unha entrevista:
- dar por finalizado:
- tomar parte en:
- proceder á inauguración:
- facer un investimento:

12. Volve escribir cada unha destas oracións eliminando as palabras que non acheguen información nova:

- a) Báixame abaixo pola caixa de ferramenta.
- b) Sorprendentemente, esta lei continúa vixente na actualidade.
- c) Claro está que eu non opino do mesmo xeito.
- d) Explicaremos os diversos e diferentes xeitos de preparar o polbo.
- e) O principal, o máis importante é que as vítimas denuncien os seus agresores.
- f) Nas súas mans é coma un monicreque: fai del o que quere e desexa.
- g) É unha rapaza moi sobradamente preparada.
- h) Despois, dentro duns minutos, ofreceremos información detallada.
- i) Na miña opinión, penso que se debería modificar a lexislación.
- k) A protagonista principal da novela é unha nena de Mozambique.

NOTA: Fontes bibliográficas empregadas: libros de texto de 2º de bacharelato das editoriais Rodeira, Xerais, Anaya, Obradoiro e SM.

ANEXO: USO DOS SIGNOS DE PUNTUACIÓN

1. O punto

É o signo que se encarga de pechar unidades sintácticas con sentido completo. Segundo o tipo de unidades, podemos diferenciar tres clases de puntos:

1. Punto e seguido: delimita, dentro do mesmo parágrafo, oracións relacionadas semanticamente.
2. Punto e á parte: separa parágrafos que tratan temas ou ideas diferentes.
3. Punto final: é o que se coloca no remate dun texto.

Depois do punto e á parte non é obrigatorio o sangrado, de feito cada vez úsase menos. Non obstante, é conveniente empregalo para evitar confusións naqueles casos en que o punto coincida co final de liña.

Ademais destes casos, utilízase o punto nos seguintes:

- despois das abreviaturas: *Sra., tfno., páx.*
- nas indicacións horarias para separar as horas dos minutos: *Quedamos ás 16.00 horas.* Nestes contextos tamén se poden empregar os dous puntos: *Quedamos ás 16:30 horas.*
- nas cantidades de máis de catro cifras podemos usalo para facilitar a lectura: *6.326.215*, aínda que se recomenda substituílo por un espazo: *6 326 215*.

Non se pode usar punto:

- nos símbolos do Sistema Internacional: *cm, m, kg, km/h* nin nas siglas: *DNI, IES*
- nas cifras que indican anos
- nas cantidades formadas por só catro cifras: *Custoulle 1000 euros.*
- na numeración das páxinas
- ao final dun título, titular ou nos pés de foto
- despois dos signos de interrogación, exclamación, puntos suspensivos, coma, punto e coma nin do punto das abreviaturas.

2. A coma

Despois dela sempre hai que deixar un espazo na escrita con ordenador. O seu emprego correcto é moi importante, dado que podemos variar considerablemente o significado da oración: *Luísa, ten paciencia.* vs. *Luísa ten paciencia. Eles quedaron na facultade o xoves, eu non podo ir.* vs. *Eles quedaron na facultade, o xoves eu non podo ir.*

Sepáranse con comas:

- os vocativos: *Sabela, mira para aquí.*
- expresións introdutorias ou complementos colocados ao inicio da oración: *Para comezar, presentarei os meus convidados e convidadas. Á saída da escola, quedabamos enredando moitas veces.*
- os elementos dunha enumeración: *Vendía revistas, xornais, libros e todo tipo de lambetadas.*
- as oracións subordinadas (sobre todo as adversativas, causais e consecutivas): *Chovía a mares, pero el chegou sen paraugas. Chegou todo enchoupado, porque chovía a mares. Chovía a mares e non traía paraugas, polo que chegou todo enchoupado.* Nestes casos recoméndase o seu uso, sobre todo en oracións longas, mais non é un erro non empregala.
- os casos en que o verbo está omitido: *Comprou as xoubas as cinco euros e os xurelos, a seis.*
- o lugar e a data nas cartas ou documentos: *Vila de Cruces, 23 de setembro de 2009.*

Escríbense entre comas:

- as aclaracións ou incisos intercalados dentro dunha oración: *Pasadomañá, venres, comezamos as vacacións. Xela, a de Sabrexo, non está este ano na miña clase.*
- expresións explicativas como *por exemplo, ou sexa, é dicir, isto é...*
- os vocativos cando están no medio da oración
- os adverbios e locucións adverbiais que se sitúan no medio da oración cun valor de incisos: *Estabamos na reunión e, de súpeto, soou o móbil.*

Non se usa a coma:

- entre o suxeito e o predicado nin entre o predicado e os seus complementos cando o seguen inmediatamente.

- nas enumeracións que levan as conxuncións *e, nin, ou*. Se se repiten máis de dúas veces pode empregarse: *Nin o xoves, nin o venres, nin o luns: non quero ir.*
- antes da abreviación etc. nas enumeracións: *Vendía revistas, xornais, libros etc.*

3. O punto e coma

Marca unha pausa maior cá da coma pero menor cá do punto. Emprégase, basicamente, nos seguintes casos:

- Para separar series de elementos que xa conteñen comas: *Para xantar comemos sopa, carne ao caldeiro e queixo; na cea, peixe e froita.*
- En oracións consecutivas e causais, cando son longas ou xa se usou a coma: *Pasara todas as vacacións repasando, unha vez e outra, os apuntamentos; aprobou sen problemas.*

4. Os dous puntos

- antes das enumeracións: *Estes son os ingredientes: fariña, sal, viño branco e un pouco de aceite.*
- antes das citas textuais, que deberán comezar sempre por maiúscula e ir entre comiñas.
- despois dos saúdos das cartas. O corpo da carta tamén debe comezar en maiúscula.
- antes dunha oración que explica ou confirma o que se dixo anteriormente: *A situación era ben complicada: estabamos retidos nunha fronteira sen saber a causa e non entendiamos o seu idioma.*
- nas indicacións horarias para separar as horas dos minutos: *Quedamos ás 16:00 horas.* Xa sinalamos anteriormente que nestes contextos tamén se poden empregar o punto: *Quedamos ás 16.30 horas.*
- despois de expresións do tipo *por exemplo, verbigratia, en resumo, en síntese...*, aínda que nestes casos tamén se adoita empregar a coma: En resumo: non entendiches nada.

Por norma xeral, despois dos dous puntos escríbese minúscula, agás nos casos citados anteriormente.

Nunca se usan os dous puntos entre o verbo e os complementos. *Daquela, A proposta era: innovadora, dinámica e moi educativa* é incorrecto; debemos escribir *A proposta era innovadora, dinámica e moi educativa.*

5. Os puntos suspensivos

Indican un corte no discurso, semellante ao do punto, e unha suspensión intencionada do sentido da oración. Utilízanse nos seguintes casos:

- Para deixar inacabado un texto que se supón que o receptor/a poderá completar: *Quen con meniños se deita...*
- Indican a continuación dunha enumeración, substituindo a abreviatura etc.: *Néboa, frío, chuvia... o día estaba ben desaprachable.*
- Para cortar unha palabra ou expresión malsoante: *Vaite de aquí, me c... Non te aturo máis!*
- Para indicar diversos estados de ánimo como dúbida, medo ou sorpresa: *Non, eu mala non son... é que.. non o dei evitado...*
- Nunha cita textual e colocados entre corchetes indican a supresión dun fragmento.

Observacións:

- Os puntos suspensivos son tres e nunca se colocan antes do punto, porque xa realizan eles a función de pechar o texto. O único caso no que podería haber catro puntos seguidos sería despois do punto dunha abreviatura. Pola contra, si que podemos usar os demais signos de puntuación despois deles.

- En determinados tipos de textos como exames ou traballos académicos non se debe abusar dos puntos suspensivos (nin da abreviatura etc.) nas enumeracións ou exemplificacións, porque serían a evidencia de que se posúe un coñecemento limitado.

- As enumeracións non se poden considerar como tales se non teñen, como mínimo, dous elementos; polo tanto, non debemos usar os puntos suspensivos nunha relación dun único elemento.

6. As comiñas

En xeral, as comiñas empréganse para destacar unha palabra ou expresión dentro dun texto ou para diferenciar citas textuais. Polo tanto, utilizarémolas para:

- Citar as palabras doutra persoa, sempre e cando vaian precedidas dun verbo de fala e escritas a continuación: *Xa dixo Caetano Veloso: "Vistos de cerca, todos somos raros".* As citas textuais longas pódense colocar nun parágrafo á parte e marcalas cun tipo de letra diferente; nese caso non se necesitarían as comiñas.
- Destacar unha palabra, sexa polo motivo que sexa (porque é vulgar, estranxeira, técnica, incorrecta...).

- Para introducir alcumes
- Para destacar os titulares de noticias e os títulos de partes de obras ou traballos.

Observacións:

- Todos estes usos das comiñas débense conservar cando se escribe á man, pero na escrita dixital tenden a ser substituídas pola cursiva. Debemos evitar o emprego simultáneo dos dous procedementos cando utilizemos o ordenador.
- Como norma xeral os signos de puntuación colócanse despois das comiñas, aínda que o punto e as interrogacións e admiracións tamén poden ir antes. Non entanto, a colocación de coma antes das comiñas é sempre incorrecta.

7. Parénteses e corchetes

Utilízanse para intercalar aclaracións ou información complementaria nun texto; daquela, o texto debe posuír sentido completo se suprimimos o contido da paréntese; se non é así, probablemente non as esteamos empregando adecuadamente. Os usos máis frecuentes son:

- Para delimitar incisos: *O meu alumnado (maioritariamente de ámbito rural) utiliza o transporte para ir ao instituto.*
- Para enmarcar as datas e/ou os lugares: *Séchu Sende (Padrón, 1972) acaba de publicar Made in Galiza.*
- Para desenvolver unha sigla ou abreviatura: *Segundo os datos do IGE (Instituto Galego de Estatística) o rural galego continúa despoboándose.*

Os corchetes teñen unha función semellante á das parénteses, aínda que o seu uso máis habitual é o de indicar a supresión dun fragmento nunha cita textual en combinación cos puntos suspensivos: [...]

Convén non abusar do uso das parénteses e reservas só para aquelas aclaracións que non sexamos capaces de integrar no texto.

Nunca poden levar antes coma, punto e coma ou dous puntos.

8. O trazo

Utilízase para:

- Intercalar explicacións ou aclaracións nun texto, dun xeito similar ás parénteses.
- Para marcar cada unha das intervencións dos personaxes nun diálogo ou para introducir verbos de fala no medio ou ao final das súas palabras: *Non che sei nada do tema –dixo tan tranquilo.*

Nestes usos o trazo escríbese pegado ás palabras, a diferenza de cando o empregamos para expoñer unha enumeración en forma de lista, que debe ir separado:

Para facer chulas de mazá precisas:

- *fariña*
- *viño branco*
- *aceite*
- *sal*
- *mazás*

9. Os signos de interrogación e exclamación

Úsanse para pechar as preguntas e as exclamacións, respectivamente. A partir da modificación da normativa de 2003 estableceuse que se empreguen só os de peche, agás nos casos en que poida existir confusión.

Cómpre non esquecer unha serie de cuestións:

- Escríbense sempre pegados as palabras que inician ou rematan o enunciado.
- Poden aparecer os dous combinados (?! ou !?) cando o enunciado sexa interrogativo e exclamativo a un tempo.
- Despois deles nunca se escribe punto, pero son compatibles co resto de signos: *Excelente!, así se fala.*
- Se despois deles hai comiñas, entón si que hai que poñer punto: *E, daquela, comentou emocionado: "Quen me dera estar no teu lugar!"*.
- Despois destes signos escríbese maiúscula só cando rematan a oración:
 - *Por fin chegaches! Moito me tardabas.*
 - *Ai si?, pois non o parece.*